



Concello de Barbadás

BASES REGULADORAS DO CONCURSO INFANTIL DE TARXETAS DE NADAL ANO 2024.

1. Destinatarios

Dirixido ós/ás nenos/as do Concello de Barbadás, que estean matriculados/as en educación primaria (dende 1º ata 6º).

2. Categorías

Establécense dúas categorías:

- Alumnos/as de 1º a 3º de Primaria.
- Alumnos/as de 4º a 6º de Primaria.

3. Normas de participación

As tarxetas presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- O tema da tarxeta é o espírito do Nadal e podrá conter de forma libre calquera aspecto relativo a estas festas, valorarase a orixinalidade e a capacidade creativa.
- Estar presentado en cartolina ou papel, tamaño DIN A5 (medio folio normal, 15x21 centímetros).

4. Lugar e prazo de presentación

As tarxetas poderán presentarse na Casa da Cultura deixándoas no buzón habilitado para tal efecto ou nos CEIP Filomena Dato e O Ruxidoiro (conxerxeira).

O prazo de presentación será dende o día 28 de outubro ata o 14 de Novembro de 2024, as 14:00 horas.

As tarxetas deberán presentarse en sobre pechado con pseudónimo e idade, dirixido a Concellaría de Educación de Barbadás “Concurso de Tarxetas de Nadal 2024”, e incluíndo no interior outro sobre pechado cos datos persoais: nome e apelidos, dirección, idade e nº de teléfono.

5. Resolución do concurso

- A tarxeta elexida, por parte do xurado, como a mellor de calquera das dúas categorías poderá ser utilizada para o Programa Cultural destas datas, as postais finalistas poderán



Concello de Barbadás

ser utilizadas para felicitar o Nadal por parte do Concello de Barbadás.

- O xurado estará composto pola Concelleira de Educación, coordinador da Casa de Cultura e por un membro de cada un dos equipos directivos dos CEIP do Concello de Barbadás.
- O nome dos/as seleccionados/as como mellores tarxetas (dous por categoría) publicarase na páxina web do Concello de Barbadás (www.barbadas.es) a partir do 20 de novembro de 2024.
- O día 23 de decembro, no lugar e hora que se indique ná publicación citada anteriormente, os/as nenos/as que elaboraron as tarxetas seleccionadas, terán unha recepción por parte de Papa Noel, acompañada de moitas solpresas.

A participación no concurso suporá a aceptación das presentes bases.

A Concellaría de Cultura resérvase o dereito a realizar os cambios que poida considerar necesarios.